BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
SÁBADO, 13 DE MARZO DE 2021 N.º 059
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

**Resolución do 26 de febreiro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Baralla. (Expediente IN407A 2020-58AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: Unión Fenosa Distribución S.A.

- Domicilio Social: A Batundeira, 2 Velle. Ourense

- Denominación: "**REGLAMENTACIÓN LMT BCR803 ENTRE APOYOS N.º 84 Y N.º 84-11 (BARALLA)**"

- Situación: concello de Baralla

- Declaración Responsable: Si

- Características técnicas principais:

- LMT aérea a 20kV, con orixe no apoio n.º 84 existente tipo 2HV-14/2B da LMT BCR-803 e final no apoio n.º 84-11 existente tipo HV-11/630 da LMT BCR-803, cunha lonxitude de 598 metros de condutor tipo LA-56 tesado sobre cinco apoios metálicos .

- Finalidade da instalación : Regulamentación de instalación

- Orzamento: 14.078,95 €

- Documentación complementaria:

- Separata para o Concello Baralla

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece la estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

**Primeira:** As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

**Segunda:** O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

**Terceira:** En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 26 de febreiro de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 0604

# CONCELLOS

## BÓVEDA

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 12 de marzo de 2021, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2021, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días dende a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello *(http://concellodeboveda.sedelectronica.es).*

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presenten reclamacións.

Bóveda, a 12 de marzo do 2020. O Alcalde, José Manuel Arias López. ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

R. 0649

## A FONSAGRADA

*Anuncio*

**Procedemento**: Transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto

**Expediente número:** 69/2021

**Modificación de crédito:** 1/2021 – **Transferencia de crédito:** 1/2021

**Asunto:** Anuncio no Boletín Oficial Provincial da aprobación inicial da modificación de crédito orzamentario mediante unha transferencia de crédito.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia o acordo do Pleno deste Concello de A Fonsagrada en sesión ordinaria celebrada o día 09 de marzo do 2021, polo que se aproba inicalmente una transferencia de crédito entre partidas de diferente área de gasto co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

| **Aplicación Orzamentaria** | | **Descrición** | **Euros** |
|---|---|---|---|
| 231 | 22799 | OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS – SERVICIO DE ASISTENCIA AO FOGAR | **26.736,00 €** |

Baixas en aplicacións de gastos

| **Aplicación Orzamentaria** | | **Descrición** | **Euros** |
|---|---|---|---|
| 920 | 12003 | SOLDOS GRUPO C1 | 10.491,24 € |
| 920 | 12101 | COMPLEMENTO ESPECÍFICO | 7.044,65 € |
| 920 | 16000 | SEGURIDADE SOCIAL | 9.200,11 € |
| **TOTAL GASTOS** | | | **26.736,00 €** |

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

A Fonsagrada, 11 de marzo de 2021.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 0650

*Anuncio*

**Procedemento:** Desafectación de bens mobles de dominio público

**Expediente número:** 525/2020 e 2/2021

**Asunto:** Anuncio no Boletín relativo a un expediente de desafectación de bens mobles

En cumprimento do disposto no artigo 8.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, do 13 de xuño de 1986, sométese a información pública o expediente relativo á alteración da cualificación xurídica dunha serie de vehículos municipais adscritos ao servizo de obras e, por tanto, con natureza xurídica demanial de servicio público, a fin de desafectar o carácter demanial dos devanditos bens, para a súa cualificación como bens patrimoniais. Os referidos vehículos son os que seguen:

- Toyota Hilux N2S (4WD), con matrícula 8340–FXC e número de bastidor AHTFR22G406009967;
- Camión Pegaso 7217 con matrícula LU-0596-P-01 e número de bastidor VS12217A3M88T0152;
- Seat Marbella, con matrícula LU-3029-P e número de bastidor VSS028A0000504653;
- Renault Kangoo con matrícula 5030 CLG e número de bastidor VF1KC08EF29228398;
- Suzuki Vitara con matrícula 8677 BZH e número de bastidor VSEETW04VNT202791.

O expediente queda sometido a información pública por prazo dun mes, a contar desde o seguinte á inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica deste Concello, a fin de que os interesados poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. Unha vez finalizado devandito período, o expediente será remitido ao órgano plenario para a súa resolución. O referido prazo comenzará a contar dende a publicación no presente Boletín Oficial.

A Fonsagrada, 11 de marzo de 2021.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 0651

*Anuncio*

**Procedemento:** Aprobación dun Padrón Fiscal

**Expediente número:** 80/2021

**Asunto:** Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de febreiro do ano 2021

Aprobado por Decreto de Alcaldía número 2021-0093, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de decembro de 2020, polo importe total de 12.079,10 € (dependencia) e 384 € (prestación básica).

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 11 de marzo de 2021.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 0652

## LUGO

*Anuncio*

De conformidade co Decreto Número 1696/2021 de data 5 de marzo de 2021, do Libro de Resolucións, dictado polo Concelleiro de Educación e difusión do coñecemento, apróbase a convocatoria anual de prazas vacantes nas Escola Infantís Municipais para o curso 2021-2022 que consta do seguinte teor literal:

Instruído o expediente relativo á Convocatoria anual de prazas vacantes nas Escolas Infantís Municipais para o curso 2021/2022.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

Visto o Decreto 329/2005 do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia da Xunta de Galicia.

E dacordo co disposto nos artigos 124 e 127 do texto vixente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto núm. 19005684, de 1 de xullo de 2019, do Libro de Resolucións (coas modificacións introducidas polo Decreto núm. 19005695, de 3 de xullo de 2019) así como o Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2019 de delegación de competencias deste órgano.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Convocatoría anual de prazas vacantes nas Escolas Escolas Infantís Municipais para o curso 2021/2022. dacordo coas seguintes bases:

1.- É obxeto da presente convocatoria a regulación do procedemento administrativo para a admisión das/os menores nas escolas infantís municipais SERRA DE OUTES, GREGORIO SANZ, MARÍA WONENBURGER e LUÍS SOTO MENOR.

2.- Reservarase para as/os menores matriculados no curso anterior :

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SERRA DE OUTES: 21 prazas para nenas/os xa matriculadas/os no curso 2021/2022.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL GREGORIO SANZ: 21 prazas para nenas/os xa matriculadas/os no curso 2021/2022.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL LUÍS SOTO MENOR: 21 prazas para nenas/os xa matriculadas/os no curso 2021/2022.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MARÍA WONENBURGER: 21 prazas para nenas/os xa matriculadas/os no curso 2021/2022.

Cada escola será a encargada de facilitarlles o modelo de solicitude de reserva a estas persoas usuarias, que xuntamente coa documentación requirida na mesma presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, https://lugo.gal.

Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

3.- Reservarase en cada unha das catro escolas de entidade municipal tres prazas de emerxencia social para o curso 2021-22, correspondendo unha praza en cada unidade de repartición. Terán a consideración de emerxencia social os casos de:

- Menores tutelados pola Consellería de Política Social.

- Os fillos das mulleres que se atopen nunha casa de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero.

- Aqueloutros en que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata.

4.- Adxudicaráselles praza ás/aos fillas/os nacidos do persoal que preste servizo en cada unha das escolas infantís municipais cando soliciten a praza para o centro onde presta servizo a nai ou pai, a acolledora ou acolledor e a titora ou titor legal, para o curso 2021/2022. Neste caso as/os fillas/os nacidos con posterioridade a convocatoria e ata 31 de agosto, pasarán a cubrir o primeiro posto na lista de agarda da unidade correspondente nesa escola.

5.- Se houbera prazas vacantes terán dereito preferentemente despóis das/dos fillas/os das/os traballadoras/es das escolas e as/os irmás/irmáns dos/das nenos/nenas que xa tiveron praza adxudicada no centro para o que solicitan.

Neste caso as/os irmás/irmáns nacidos con posterioridade a convocatoria e ata 31 de agosto, pasarán a cubrir posto ao principio da lista, sempre detrás das fillas/os do persoal que preste servizo en cada unha das escolas infantís municipais, na lista de agarda da unidade correspondente nesa escola.

6.- Unha vez resoltas as solicitudes de reserva das/dos nenas/nenos matriculados no curso anterior, o número de prazas de novo ingreso, faranse públicas por Resolución do Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do coñecemento con carácter previo á aprobación das listaxes definitivas das/os admitidas/os neste procedemento, facéndose publico a través do Taboleiro de anuncios do Concello, nas escolas infantís municipais e na oficina do Servizo de Educación.

7.- As prazas de novo ingreso adxudicaranse segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura nesta convocatoria.

Para a determinación da escola infantil municipal concedida, terase en conta a preferencia marcada na solicitude e a puntuación total obtida na aplicación do baremo.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

As/os solicitantes que non obtiveran praza, pasarán a formar parte da lista de agarda única, para a ordenación da cal se terá en conta a puntuación obtida no baremo.

En caso de empate na puntuación obtida, este desfarase tendo en conta a RPC máis baixa. De persistir o empate, procederase a sorteo.

8.- Unha Comisión de Valoración será a encargada de aplicar o baremo a todas as solicitudes presentadas nesta convocatoria. A Comisión estará composta :

Presidenta: Xefa do Servizo de Educación.

Secretaría: Pedagoga do Servizo de Educación.

Vogais: Directora da Escola Infantil Municipal Serra de Outes.

Directora da Escola Infantil Municipal Gregorio Sanz.

A efectos de aplicación do principio de transparencia formarán parte da Comisión, a efectos informativos, con voz e sen voto, as directoras das Escolas Infantís de Luís Soto Menor e María Wonemburger, así como un/unha representante das familias de cada unha escola infantil municipal en representación das mesmas, elixidos en cada escola.

9.- O prazo de solicitude de novo ingreso queda establecido en vinte días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoraria no BOP.

Os sucesivos anuncios deste procedemento publicaranse no taboleiro do Concello, nas escolas infantís e na oficina do Servizo de Educación.

As solicitudes de novo ingreso presentaranse segundo o modelo oficial establecido (modelo 351). Os impresos estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Lugo e facilitaranse tamén nas escolas infantís municipais e na oficina do Servizo de Educación do Concello.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Copia do dni ou nie da/o solicitante e da/o cónxuxe ou das persoas que representen legalmente ao menor para o que se solicita praza.

b) Copia do libro, ou libros de familia ou, na súa falta, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.

c) Anexo I: autorización asinada pola/o solicitante e pola/o cónxuxe para que o Concello de Lugo recabe os seguintes datos:

- Os datos fiscais da certificación do último exercicio fiscal á Axencia Tributaria.
- Informe da Seguridade Social da Vida Laboral na data de solicitude de praza.

As persoas traballadoras que non estean no réxime xeral da seguridade social deberán presentar xustificante de ocupación.

- Estar inscritos como demandante de emprego na data de publicación da convocatoria no BOP.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán achegar os correspondentes documentos acreditativos.

d) Anexo II cuberto e asinado no caso de optar á axuda do programa Bono Concilia (Consellería de Política Social- Xunta de Galicia).

e) Certificado de discapacidade ou do grao e nivel de dependencia da/do solicitante ou cónxuxe, e/ou outros membros que formen parte da unidade familiar na que convive o menor.

f) Certifcado da situación de monoparentalidade recoñocida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Xustificante da situación de excedencia da/do solicitante ou cónxuxe onde figure a data de incorporación ao posto de de traballo.

h) Informe sobre a necesidade de inclusión na escola infantil acreditada por Equipo de Valoración e Orientación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no caso de nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo.

A falta de presentación dalgún dos documentos recollidos, dentro do prazo de solicitude e emenda, suporá a non valoración da calquera das circunstancias alegadas.

Unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes procederase á publicación no taboleiro do Concello, nas escolas infantís municipais e na oficina do Servizo de Educación as listaxes de solicitudes estimadas e destimadas xuntamente coa causa de desestimación, establecéndose un prazo de 10 días hábiles de subsanación.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

Unha vez trancurrido este prazo publicarase polo mesmo medio a resolución co número de prazas dispoñibles e a listaxe definitiva das solicitudes estimadas e desestimadas neste procedemento.

Baremadas as solicitudes, publicarase as listaxes provisionais das/os admitidos por escolas, listas de agarda conxuntas por idades, cun prazo de 10 días para que as persoas interesadas podan realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións pola Comisión de Valoración, procederase á publicación polos mesmos medios, das listaxes definitivas das admitidas e admitidos en cada escola por tramo de idade, así como as listas de agarda conxunta e por ano de nacemento.

Para as/os menores nacidos con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes e ata 31 de agosto, poderán presentar solicitude ata o 30 de setembro.

Estas solicitudes serán baremadas e incluídas na lista de espera única para as catro escolas coa puntuación correspondente.

Este mesmo criterio aplicarase no caso de que se produza un traslado de domicilio desde outro municipio por razóns laborais, acreditado documentalmente.

A formalización da matrícula terá lugar na escola onde a nena ou o neno foi admitido no prazo establecido na resolución definitiva.

Así mesmo, nas solicitudes de novo ingreso, as persoas solicitantes que non obteñan praza pública e respecto do primeiro fillo ou filla da unidade familiar poderán optar, se así o habilita, ao Bono Concilia da Consellería de Política Social, que consiste nunha axuda económica mensual para contribuír ao pagamento do importe da praza nunha escolas infantil 0-3 non sostida con fondos públicos, tramitada en todo caso pola Xunta de Galicia. Aquelas persoas interesaradas deberán cubrir o anexo que se xunta á folla de solicitude. De non facelo nestes termos entenderase que desisten desta opción.

As solicitudes de novo ingreso coa documentación requirida, presentaranse preferiblemente, por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, https://lugo.gal. Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10.- Os menores de idade, non emancipados legalmente, non poderán ser solicitantes de prazas nas escolas, facéndose cargo da solicitude de praza os proxenitores destes, ou persoas que exerzan a súa representación legal ou titoría. A efectos de aplicación do baremo respecto da situación económica familiar, serán computados os ingresos da unidade familiar da ou do solicitante segundo o establecido pola lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio.

11.- É requisito imprescindible para solicitar praza que a nena ou neno nacese con anterioridade á data de presentación da solicitude. Así mesmo será requisito, que o/a solicitante que conviva co/coa menor (próxenitor-1), estea, xunto co/coa neno/a, empadroados no Concello de Lugo con anterioridade a 1 de xaneiro de 2021 e de maneira continuada ata a finalización do prazo de presentación de solicitudes, agás no caso en que se produza un traslado de domicilio dende outro municipio por razóns laborais, acreditado documentalmente, que impida cumprir a situación padroal no Concello de Lugo no periodo de referencia.

12.- Con respecto á orde de preferencia das escolas infantís o/a solicitante deberá indicar nos cadros correspondentes da solicitude con 1, 2, 3 e 4 o seu grao de interese. O feito de non indicar a preferencia nas catro escolas será interpretado pola Administración como renuncia expresa da persoa interesada naquelas nas que non figure indicado.

13.- No caso de producirse renuncias de prazas, as prazas vacantes nas escolas ocuparanse coas/cos solicitantes que figuren na lista de espera única para as catro escolas, elaborada por idades e sempre de acordo coa puntuación obtida.

14.- Os requisitos para ser adxudicatarios de praza en calquera das situacións serán:

- Que teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso.

- Non ter cumpridos os 3 anos de idade o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, poderán eximirse do límite de idade dos 3 anos as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame non vinculante do equipo de orientación específica da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a petición das familias, ou representantes legais. En todo caso, a facultade para decidir esta exención do límite de idade será competencia da Comisión de Valoración a cal poderá solicitar todos aqueles informes e documentación que considere oportunos para a resolución da solicitude realizada.

No caso de inclusión de nenas e nenos de diversidade funcional, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno en situación de inclusión por aula. Para os efectos de ratio, contabilizaranse como dúas prazas.

15.- Os prezos que deberán aboar as persoas usuarias e as normas de aplicación dos mesmos, serán os establecidos na Ordenanza fiscal nº 116 vixente. Os horarios de entrada e saída nas escolas infantís municipais

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

así como a documentación acreditativa que os xustifiquen, serán os establecidos na folla de solicitude da propia convocatoria anual. Cando quede establecido un grupo mínimo de nenas/os, este será de oito.

16.- Todas as persoas solicitantes de praza nas escolas infantís municipais quedarán suxeitas ás bases desta convocatoria. A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera outra índole que legalmente procedan. No caso de que se proceda a outorgar unha puntuación errónea e posterior adxudicación de praza con motivo da falsificación, ocultación ou inexactitude de tales datos, a sanción consistirá na perda da praza correspondente.

17.- Calquera criterio discrepante na interpretación destas bases resolverase a criterio da comisión de valoración, así como toda casuística non recollida nas mesmas.

**Cadro de baremo:**

| **1.- SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR** | | **PUNTOS** |
|---|---|---|
| Por cada persoa que forma a unidade familiar, tal como resulta definida na Lei do Imposto da Renda das persoas físicas.(Lei 25/2006 do 28 de novembro, art.82 e art.83) | | **2** |
| Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta* | | **1** |
| No caso de que un dos proxenitores teña descendentes que non formen parte da unidade familiar actual pero contribúan economicamente ao sustento dos mesmos. | | **1** |
| No caso de separación legal ou custodia compartida da/o proxenitor solicitante que forma unidade familiar co menor para o que se solicita praza | | **3** |
| No caso de que a nena ou neno para quen se solicita praza nacese nun parto múltiple | | **1** |
| Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, mulleres vítimas de violencia de xénero, alcoholismo ou drogodependencia. | | **2** |
| Pola condición de familia monoparental (núcleo familiar composto por unha única proxenitora ou proxenitor que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal , as fillas ou fillos menores ao seu cargo, sempre que a outra proxenitora ou proxenitor non contribuía economicamente ao seu sustento-art.13, Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia) | | **3** |
| Por ausencia do fogar familiar da nai ou do pai (enténdese a estes efectos cando a ausencia dun dos proxenitores se debe a causas penais) | | **3** |
| Pola condición de familia numerosa (a integrada por un ou dous descendentes con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns e, demais supostos recollidos no art.2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás familias numerosas. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título establecido ao efecto) | | **3** |
| Calquera grave circunstancia familiar debidamente acreditada | | **3** |
| **2.- SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR** | | **PUNTOS** |
| Situación laboral de ocupación:<br>- Equipáranse a esta situación aquelas excedencias cuia data de incorporación sexa anterior ao 1 de setembro do ano en curso así como a situación de estudante no momento da solicitude de praza que estean debidamente acreditadas | Nai | **7** |
| | Pai | **7** |
| Situación laboral de desemprego:<br>- Valorarase tal condición de demandante de emprego na data de publicación da convocatoria no BOP.<br>- No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous. | Nai | **2** |
| | Pai | **2** |
| **3.- SITUACIÓN ECONÓMICA (**RPC[1] mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples-IPREM- vixente[2]): | | **VALORACIÓN** |
| Inferior ao 30% do IPREM (menos de 169,47€) | | **+4 Puntos** |
| Entre o 30% e o 50 % do IPREM (de 169,47 a 282,45€) | | **+3 Puntos** |
| Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM (de 282,45 a 423,67€) | | **+ 2 Puntos** |
| Entre o 75% e o 100% do IPREM (de 423,67 a 564,90€) | | **+1 Puntos** |
| Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM (de 564,90 a 706,12€) | | **-1 Puntos** |
| Entre o 125% e o 150% do IPREM (de 706,12 a 847,35€) | | **-2 Puntos** |

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

| | |
|---|---|
| Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM (de 847,35 a 1129,80€) | **-3 Puntos** |
| Igual ou superior ao 200% do IPREM (máis de 1129,80€) | **-4 Puntos** |
| **Para a determinación da escola municipal concedida teráse en conta a preferencia marcada na solicitude e a puntuación total obtida na aplicación do baremo, e a puntuación total obtida na aplicación do baremo para a lista de espera.** | |

No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa. De persistir o empate resolverase cun sorteo.

* Para efectos deste baremo están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, e estean tuteladas por un dos cónxuxes.

1. CÁLCULO RPC: suma das casillas 435 e 460 da declaración da renta do exercizo 2019 de ámbolos dous proxenitores, dividido entre 12 mensualidades e entre o número de membros da unidade familiar

2. IPREM 2021: 564,90 €

**SEGUNDO.-** Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Lugo.

**TERCEIRO**.- Contra a presente resolución caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 19/1998, do 13 de xullo), de Lugo, ou, a elección do demandante, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo de un mes, contado desde o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen convinte ao seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

Concello de Lugo

MOD. 351

**SOLICITUDE: PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.**

**SINALE POR ORDE DE PREFERENCIA CON 1, 2 , 3 e 4.**

(o feito de non indicar a preferencia nas catro escolas será interpretado pola Administración como renuncia expresa da/o interesada/o naquelas nas que non figura indicado)

- **ESCOLA INFANTIL SERRA DE OUTES**
- **ESCOLA INFANTIL GREGORIO SANZ**
- **ESCOLA INFANTIL LUÍS SOTO MENOR**
- **ESCOLA INFANTIL MARÍA WONENBURGER**

**NOTA IMPORTANTE: Non empregar X, sinalar con números**

**DATOS DO PROXENITOR -1** (NAI, PAI OU PERSOA QUE EXERCE A TITORÍA LEGAL)

| | | |
|---|---|---|
| 1º APELIDO: | 2º APELIDO | NOME: |
| D.I. (dni, nie...): | ENDEREZO: | |
| CÓDIGO POSTAL: | CONCELLO: | PROVINCIA: |
| TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO: | |

**DATOS DO PROXENITOR- 2** (NAI, PAI OU PERSOA QUE EXERCE A TITORÍA LEGAL)

| | | |
|---|---|---|
| 1º APELIDO: | 2º APELIDO | NOME: |
| D.I. (dni, nie...): | ENDEREZO: | |
| CÓDIGO POSTAL: | CONCELLO: | PROVINCIA: |
| TELÉFONO: | CORREO ELECTRÓNICO: | |

**ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** (cubrir só se é diferente da anterior)

| | |
|---|---|
| ENDEREZO: | CÓDIGO POSTAL: |
| CONCELLO: | PROVINCIA: |
| CORREO ELECTRÓNICO (só se desexa comunicación electrónica): | |

DATOS DA NENA OU NENO PARA QUEN SE SOLICITA A PRAZA

| | | |
|---|---|---|
| 1º APELIDO: | 2ºAPELIDO: | NOME: |
| DATA DE NACEMENTO: | | D.I. (dni, nie...): |

**DECLARACIÓN** DATOS DAS PERSOAS QUE FORMAN A UNIDADE FAMILIAR

| APELIDOS E NOME | DATA DE NACEMENTO | PARENTESCO | SITUACIÓN LABORAL |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Número** de persoas que forman a unidade familiar: | | | |

SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

| | | | |
|---|---|---|---|
| Número de persoas que, non formando parte da unidade familiar, están a cargo dela: | | | |
| Número de persoas, incluída a solicitante, con enfermidade e/ou discapacidade: | | | |
| Con discapacidade física, psíquica ou sensorial | ☐ NAI | ☐ PAI | ☐Outros (**nº**): |
| Alcoholismo ou drogodependencias | ☐ NAI | ☐ PAI | ☐Outros (**nº**): |
| Familiar monoparental | ☐ SI | ☐ NON | |
| Ausencia do fogar familiar da nai ou do pai | ☐ SI | ☐ NON | |
| Condición de familia numerosa | ☐ SI | ☐ NON | |
| Irmá ou irmán con praza renovada no centro para o ano solicitado | ☐ SI | ☐ NON | |

SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

| | | |
|---|---|---|
| En situación de ocupación laboral | ☐ NAI | ☐ PAI |
| En situación de desemprego | ☐ NAI | ☐ PAI |
| Noutra situación | ☐ NAI | ☐ PAI |

**HORARIO QUE SOLICITA** (A PERMANENCIA DAS/OS NENAS/OS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SERÁ CON CARÁCTER XERAL DUN MÁXIMO DE 8 HORAS DIARIAS E CONTINUADAS (art 26.5 do Decreto 329/2005, de 28 de Xullo).

| **HORA DE ENTRADA** | **HORA DE SAÍDA** |
|---|---|
| ☐ 8:00 horas<br>(deberán aportarse xustificantes laborais das/os proxenitores ou representantes legais) | ☐ 12:00 horas<br>☐ 13:30 horas<br>☐ 15:30 horas |
| ☐ 9:30 horas | ☐ 12:00 horas<br>☐ 13:30 horas<br>☐ 15:30 horas<br>☐ 16:30 horas |
| ☐ 11:00 horas | ☐ 13:30 horas<br>☐ 15:30 horas<br>☐ 16:30 horas<br>☐ 18:00 horas (EIM Serra de Outes e EIM Gregorio Sanz: cun grupo mínimo de 8 nenas/os) |
| ☐ 15:30 horas | ☐ 18:00 horas (EIM Serra de Outes e EIM Gregorio Sanz: cun grupo mínimo de 8 nenas/os)<br>☐ 20:00 horas (EIM Serra de Outes e EIM Gregorio Sanz: cun grupo mínimo de 8 nenas/os) |

**PROXENITOR -1** **PROXENITOR -2**

Asdo.:______________En Lugo, __ de _______ de 2021 Asdo.:_______________En Lugo, __ de _______ de 2021

**NFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016*, e en cumprimento da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, os datos obtidos para a tramitación da solicitude de prazas vacantes nas escolas infantís municipais para o curso 2019/2020, segundo convocatoria anual de prazas vacantes nas escolas de referencia, serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área de Educación e infraestructuras urbanas, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta declaración supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos desta solicitude comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ÁDICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** www.lugo.gal/portal/titularidade

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

## ANEXO I

**AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ACCEDA AOS DATOS DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA A CONTINUACIÓN A EFECTOS DE SOLICITUDE DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS**

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de aplicación do baremo establecido para a adxudicación das prazas existentes na "**Convocatoria anual 2021 de prazas vacantes nas escolas infantís municipais Serra de Outes, Gregorio Sanz, Luís Soto Menor e María Wonenburger**" e para o seguinte:

- Documentación acreditativa dos datos fiscais da certificación do último exercicio fiscal á Axencia Tributaria en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.
- Documentación da Seguridade Social: informe da Vida Laboral na data da solicitude de praza.
- Documentación acreditativa de estar inscritos como demandante de emprego na data de publicación da convocatoria no BOP.

| D./D.ª (**solicitante** ou persoa que exerce a titoría): | | CIF/DNI: |
|---|---|---|
| ENDEREZO NOTIFICACIÓN: | | LOCALIDADE: |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: |

| D./D.ª (**cónxuxe** ou persoa que exerce a titoría): | | CIF/DNI: |
|---|---|---|
| ENDEREZO NOTIFICACIÓN: | | LOCALIDADE: |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: |

Lugo, ______ de ___________ de 2021

Sinatura da persoa que autoriza (solicitante) Sinatura da persoa que autoriza (cónxuxe)

Asdo.:_________________________ Asdo.: ______________________

(nome e DNI) (nome e DNI)

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016*, e en cumprimento da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, os datos obtidos para a tramitación da solicitude de prazas vacantes nas escolas infantís municipais para o curso 2019/2020, segundo convocatoria anual de prazas vacantes nas escolas de referencia, serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área de Educación e infraestructuras urbanas, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta declaración supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos desta solicitude comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

**INFORMACIÓN ÁDICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** www.lugo.gal/portal/titularidade

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

## ANEXO II

(Cubrirase só no caso de optar á axuda de Bono Concilia)

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

EN CALIDADE DE
◯ NAI ◯ PAI ◯ ACOLLEDOR/A ◯ TITOR/A LEGAL

**DATOS DA NENA OU DO NENO**

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | DATA DE NACEMENTO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

Como solicitante da axuda do programa Bono Concilia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos.

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo fin das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

◯ Solicitou e/ou concedéronlle outras axudas para este mesmo fin, que son as que a continuación se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | IMPORTE (€) | DISPOSICIÓN REGULADORA |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

2. Que, en relación coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

☐ Estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

☐ Estar ao día nas súas obrigas tributarias, coa Comunidade Autónoma e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Así mesmo, comprométese a manter o cumprimento deste requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras asministracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

______________ , ______ de ______________ de ________

galicia

Xefatura territorial da Consellería de Política Social de ______________

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

Lugo, 5 de marzo de 2021.- O Concelleiro de Educación e difusión do coñecemento. Felipe Rivas Jorge.

R. 0603

# PALAS DE REI

*Anuncio*

**SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE 1 POSTO DE TRACTORISTA (PEÓN CONDCUTOR) CONVENIO DE INCENDIOS, INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN**

**BASES DA CONVOCATORIA**

**1. Obxecto**

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de 1 posto de tractorista (peón condutor), convenio de incendios.

**2. Características do posto de traballo ofertado**

| | |
|---|---|
| Denominación do posto: | Tractorista (peón condutor) |
| Réxime | Contrato laboral temporal |
| Unidade/Área | Incendios |
| Categoría profesional | 10.d |
| Titulación esixible | Estudios primarios ou equivalentes |
| Sistema de selección | Concurso-oposición |
| Núm. de Postos que se convocan | 1 posto contrato 401 |

**3. Modalidade e condicións do contrato**

| | |
|---|---|
| Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores) | Obra ou servizo determinado. |
| Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial) | Xornada completa |
| Xornada de traballo (horas semanais e prestación) | 8h/dia |
| Retribución bruta | SMI 2021/8h (1.108,33€/mensuais incluíndo prorrateo das extras) |

**4. Requisitos dos aspirantes**

**4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)**

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do empregado público de Galicia.

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas: **vida laboral e certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborais ou similares.**

**4.2. De carácter específico.**

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.

- Estudios primarios ou equivalentes

- Permiso de conducir B1.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

**5. Publicidade.**

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e páxina web do Concello de Palas de Rei.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na páxina web do concello e o taboleiro de anuncios.

**6. Procedemento selectivo.**

**6.1. Documentación.**

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección concellopalasderei@gmail.com, un resgardo de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso axuda a domicilio

**6.2. Prazo de presentación de instancias.**

**Catro días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**6.3 Admisión.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

**6.4. Órgano de selección**

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

**6.5. Colaboradores.**

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2021 (13/03/2021 08:00:00)

colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

**6.6. Sistema de selección e puntuación.**

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

**Proba de Galego:**

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluirase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nun tipo test proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

**7. Fase de concurso :**

“Méritos computables: Os establecidos no REGLAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL E BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE PALAS DE REI publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Boletín Número 087, de 17/04/2006

1. <u>Méritos Profesionais</u>

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual puesto ou similar: 0,10 puntos

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

Este apartado non pode superar os 6 puntos

2. <u>Formación extraacadémica recibida.</u>

